

Informe sobre o apelido *Amorín*

O apelido *Amorín* ten orixe latina. Nace dun nome de persoa *Amorinus* que encontramos en documentos medievais, o primeiro en Oviedo e de 908 (... *quam nobis donauerunt Amorinus et sui germani per textum scripture*). O *Corpus Documentale Latinum Gallaecie* (CODOLGA) permítenos ver que un *Amorinus* figura nun documento de Celanova de 938 (*Balteiru, Badamondu, Pellagiu, Auolinu, Gondinu, Todemiru, Amorinu...*). Noutro tamén de Celanova de entre 942 e 977 méntase un matrimonio de panadeiros (*Amorino Guntiz et Ermegundia Guntiz fuerunt pistores*) e, feito importante, demóstrase que *Amorinus* creou o apelido patronímico *Amoriniz* “fillo de Amorino” (*Amorino genuit Podengo Amoriniz*: Celanova 942-977). Este apelido aparece noutro documento de Celanova de 1026 (*Gudesteo Amoriniz*).

Temos, polo tanto, un nome de persoa *Amorinus* e o apelido patronímico *Amoriniz* (“fillo de Amorino”). O que axiña apareceu foi o topónimo que indica o nome de posesor: (*villa Amorini*, é dicir, “casa e explotación agropecuaria, da que é propietario un tal *Amorinus*”: del saíu o topónimo *Amorín*).

Pero a consulta do Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG) permítenos ver que como nome de persoa xa desaparecera no século XIII. A partir de aí figura como topónimo que garda memoria do antigo primeiro posesor: *Penas de Amorín* (Ramirás 1255 e 1271), *herdade que chamã de Amorín* (1289); *herdamento que eu aio en Amorín* (Oseira 1309); *casal d'Amorín* (Pontevedra 1433) e, xa convertido en apelido xentilicio *Juan d-Amorín* (Ferreira de Pantón 1487).

A desaparición do nome orixinal de persoa parece datarse no século X; a súa conversión en topónimo parece consolidada no século XIII e a reconversión en apelido de orixe toponímica xa está tamén consolidada nese *Juan d-Amorin* de 1487. Nótese que esta reconversión eliminou o patronímico orixinal *Amoriniz* que existiu, como queda dito, entre 942 (*Podengo Amoriniz*) e 1026 (*Gudesteo Amoriniz*) e que hoxe deberían ser **Amoriz* ou **Amorís*.

Na toponimia actual vemos que o *Amorín* medieval sobreviviu en catro lugares: na parroquia de Frontón (Pantón); na de Triabá (Castro de Rei); no nome de Amorín (Tomiño); e no de nome de dúas aldeas en Argozón (Chantada). Nos catro casos hai que sobreentender un (*villa Amorini*, é dicir, “casa e explotación agropecuaria propiedade dun tal *Amorinus*”).

REAL ACADEMIA GALEGA

Perdido o nome orixinal no século X e o apelido no XI, todo indica que o *Amorín* actual deriva do topónimo, polo menos dende 1487.

A forma oficial da toponimia é ***Amorín*** e, sendo un apelido de case segura orixe toponímica, esa debe se-la súa grafía, coherente ademais coa grafía medieval.

Polo tanto a forma galega deste apelido é ***Amorín***, tal e como figura no Nomenclátor de Galicia.

